

25
NOV
2024
UGT 

Informe

**DÍA INTERNACIONAL
PARA LA ELIMINACIÓN
DE LA VIOLENCIA
CONTRA LAS MUJERES**



NIN UNHA
MENOS.
**CONTRA A
VIOLENCIA
MACHISTA**
SÓ SI É SI

UGT



UGT POLA ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



1 DE CADA 2 MUJERES

ha sufrido algún tipo de violencia machista a lo largo de su vida

(Macroencuesta de violencia contra la mujer 2019
Delegación del Gobierno contra la violencia de género)

1283 MUJERES ASESINADAS

por su pareja o expareja sentimental desde el 1 de enero de 2003 (58 en 2023; 9 más que en 2022 y 2021)



(Delegación del Gobierno contra la violencia de género)

530 MUJERES CADA DÍA

fueron víctimas de violencia de género de sus parejas o exparejas en 2023 (aumentando un 12,1% respecto al año anterior)

(Consejo General del Poder Judicial)

61,1% DE LAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

en 2023 fueron mujeres (familiares y otras personas distintas a parejas o exparejas).

(INE Estadística de Violencia Doméstica y Violencia de Género).

LA VIOLENCIA MACHISTA EN ESPAÑA



de las víctimas de trata y explotación sexual son mujeres y niñas



de las víctimas de violación son mujeres



de las víctimas de acoso sexual son mujeres



de las víctimas de otras agresiones y abusos sexuales son mujeres

STOP
VIOLENCIA



9 DE CADA 10 MUJERES

víctimas de delitos contra la libertad sexual son mujeres

(Informe sobre delitos contra la libertad sexual en España 2023 del Ministerio del Interior)



A violencia que se exerce contra as mulleres ten múltiples formas e manifestacións. As cifras oficiais non recollen nin todas as formas, nin computan o total das violencias que sofren as mulleres, nin poden expresar o profundo dano, dor e sufrimento das vítimas e das súas familias e achegados.

Desde UGT somos conscientes de que ditas cifras son só a punta do iceberg e que sobre todo, detrás de cada acto de violencia contra cada muller, existe unha dramática e inadmisíbel experiencia vital, que nos casos de violencia máis extremos e graves supoñen o asasinato machista das mulleres.

A pesar das obxeccións que se poden presentar fronte aos datos oficiais, fríos e inexpresivos do sufrimento de cada vítima da violencia machista e dos seus familiares e achegados, tamén somos conscientes de que é necesario contar con eles e avanzar en que se recolla tanto cualitativamente como cuantitativamente toda a realidade da violencia machista, porque ademais do terrible horror que padecen cada unha das vítimas e os seus familiares, trátase dun problema social, que hai combater tanto desde as nosas institucións como da propia cidadanía no seu conxunto como sociedade, e para iso é necesario visualizar con datos a dimensión desta inaceptable secuela, xa que o que non se fai visible non existe.

Neste **25 N**, a UGT, como cada ano quere poñer de manifesto o seu máis contundente repulsa contra todos e cada un dos actos da violencia que padecen as mulleres polo mero feito de selo baixo os patróns e regras do patriarcado, que sempre busca a maneira de resistir e garantir a súa



supervivencia de distintas maneiras, así como o noso máis firme compromiso de loita para a erradicación de todas e cada unha das formas de violencia machista e de tolerancia cero coas mesmas, a través da nosa acción sindical en cada empresa e participando activamente coas institucións na implantación de políticas públicas dirixidas á eliminación das violencias contra as mulleres.

Desde UGT reivindicamos e esiximos a adopción urxente de novas medidas máis eficaces e efectivas contra esta barbarie.

Os datos que se recollen neste informe, aínda sendo limitados, reflicten por se mesmos a situación de vulneración dos dereitos fundamentais máis básicos que padecen as mulleres, como son o dereito á vida, á igualdade entre mulleres e homes e á liberdade.

A violencia machista contra as mulleres constitúe un grave problema social, que require dunha resposta contundente e eficaz.

As medidas legais e as políticas públicas adoptadas ata a data, aínda que supuxeron un avance moi importante, están a mostrar a insuficiencia e a ineficacia para erradicar esta secuela intolerable que en pleno século XXI

segue presente, a pesar de ser contraria e incompatible cunha sociedade democrática.

É por iso que consideramos necesario que, nun contexto de incerteza e de avance do discurso e as políticas negacionistas e antifeministas, contrarias á igualdade real entre mulleres e homes, e abandeiradas pola ultradereita, actuemos con rotundidade e redobremos os nosos esforzos e accións contra todas as formas de violencia contra as mulleres, reivindicando o incremento das políticas e recursos para a eliminación da devandita violencia, así como para a prevención e a atención integral de todas as vítimas de violencias machistas, ao mesmo tempo que é necesario adoptar novas medidas que poidan garantir eficazmente a protección, a seguridade, a liberdade e a igualdade das mesmas.

Para UGT, o ámbito laboral, é o noso primeiro e principal escenario de actuación. Aínda que non é o único, incúmbenos de maneira máis directa e temos ferramentas específicas para actuar nel, especialmente mediante a loita compartida contra acoso sexual e o acoso por razón de sexo que se produce na empresa, no centro de traballo ou como consecuencia da relación laboral.

Violencia de xénero de parellas e exparellas

Mulleres e menores asasinados por violencia de xénero de parellas e exparellas

No Estado 1.284 mulleres asasinadas dende 2003 e 63 menores de idade dende 2013.

En Galicia 71 mulleres asasinadas desde 2003 e 3 menores de idade dende 2013.

As mulleres asasinadas por parellas e exparellas desde o 1 de xaneiro de 2003 e o 12 de novembro de outubro de 2024 son 1.284 mulleres, e 63 menores asasinados.

En 2024, con datos a 12 de novembro de 2024 son xa 40 as mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas e en 2023 foron asasinadas 58 mulleres.

En Galicia, en 2024, 4 foron as mulleres asasinadas, a última en Baiona.

O número de orfos e orfas menores de 18 anos vítimas de violencia de xénero desde 2013, primeiro ano do que se dispón de información, ata o 12 de novembro de 2024 é de 463.

En Galicia, no ano 2024 quedaron 3 nenos e nenas orfos e orfas menores de 18 anos. Un total de 21 orfos e orfas menores de 18 anos en Galicia dende que hai estatísticas.

Por Comunidades Autónomas, en 2023, das 58 mulleres asasinadas, 16 foron en Andalucía, 11 en Cataluña e 7 respectivamente en Comunidade Valenciana e Comunidade de Madrid. 4 mulleres foron asasinadas en Galicia. En Canarias, Castela e León rexistráronse 3 mulleres asasinadas respectivamente; en Castela a Mancha, 2 en cada unha delas, e en Aragón, Rexión de Murcia, Comunidade Foral de Navarra e A Ríoxa 1 muller en cada unha delas.

Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, por comunidade ou cidade autónoma na que se produxo o suceso. Ano 2023

Comunidad/ ciudad autónoma	Número	%
TOTAL	58	100.0
Andalucía	16	27.6
Aragón	1	1.7
Asturias, Principado de	0	0.0
Balears, Illes	0	0.0
Canarias	3	5.2
Cantabria	0	0.0
Castilla y León	3	5.2
Castilla-La Mancha	2	3.4
Cataluña	11	19.0
Comunitat Valenciana	7	12.1
Extremadura	0	0.0
Galicia	3	5.2
Madrid, Comunidad de	7	12.1
Murcia, Región de	1	1.7
Navarra, Comunidad Foral de	1	1.7
País Vasco	2	3.4
Rioja, La	1	1.7
Ceuta	0	0.0
Melilla	0	0.0

Fonte: Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer

A taxa por millón de mulleres de 15 e máis anos asasinadas por parellas e exparellas en 2023 foi de 2,8.

Por Comunidades Autónomas, por encima da taxa media nacional en 2023, atópanse Andalucía, con 4,6; Canarias con 3,1; Cataluña con 3,2; Navarra con 3,5; e A Rioxa con 7,1 (esta última a máis alta).

En relación **coa evolución de dicha taxa desde o 1 de xaneiro de 2003 ata o 31 de decembro de 2023**, a taxa media nacional experimentou en 2023 un incremento respecto de anos anteriores e en relación coas Comunidades Autónomas, dita evolución pódese observar na seguinte táboa.

Evolución dos feminicidios na parella ou exparella según Comunidade Autónoma e provincia. Taxa* por millón de mulleres de 15 e máis anos. 1 de xaneiro de 2003-31 de decembro de 2023 (Para o cálculo das taxas se usan datos da poboación a 1 de xaneiro de 2022)

Comunidade Autónoma/ Provincia	2023 hasta diciembre	2022	2021	2020	2019	2018	2017	2016	2015	2014	2003
TOTAL	2,8	2,3	2,3	2,4	2,7	2,6	2,4	2,4	2,9	2,7	3,8
ANDALUCÍA	4,6	3	2,4	2,7	4,1	3,3	1,9	1,4	3,9	3,1	4
Almería	3,3	3,3	3,3	0	3,4	6,9	10,4	0	0	7	4,3
Cádiz	5,5	0	3,7	5,6	1,9	0	0	0	0	3,8	6,2
Córdoba	2,9	2,9	0	2,9	11,6	0	0	0	2,9	2,9	3
Granada	4,9	4,9	2,5	5	2,5	12,6	5,1	2,5	5	5	4,3
Huelva	4,4	0	0	0	4,5	4,5	0	4,5	0	0	0
Jaen	3,6	0	3,6	3,6	7,2	3,6	0	0	3,5	0	10,9
Málaga	6,6	4	2,7	0	5,6	2,8	0	1,4	5,7	5,7	3,4
Sevilla	3,5	4,7	2,4	3,6	1,2	1,2	2,4	2,4	4,8	0	2,6
ARAGÓN	1,7	3,4	3,4	0	1,7	1,7	0	5,2	1,7	0	3,17
Huesca	0	0	10,4	0	0	21,2	0	0	0	0	0
Teruel	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	16,8
Zaragoza	2,3	4,7	2,3	0	2,3	4,7	0	7,2	2,4	0	2,5
PRINCIPADO DE ASTURIAS	0	0	2,1	2,1	0	6,2	0	4,1	6,1	0	3,9
ILLES BALEARS	0	0	4	6	2	4,1	0	12,7	2,1	6,4	9,9
CANARIAS	3,1	2,1	0	4,2	9,5	3,2	5,4	4,4	3,3	1,1	7,5
Las Palmas	2	0	0	4	8,2	2,1	4,2	6,3	2,1	0	7,4
Santa Cruz de Tenerife	4,2	4,2	0	4,3	10,9	4,4	6,7	2,3	4,5	2,3	7,6
CANTABRIA	0	0	3,8	3,8	7,6	0	0	0	3,8	0	4
CASTILLA Y LEÓN	2,8	2,8	3,7	0,9	2,8	1,8	0	5,5	1,8	2,7	3,6
Ávila	14,3	0	0	0	0	0	0	14,4	0	0	0
Burgos	0	0	0	0	12,8	6,4	0	12,7	0	0	0
León	0	0	4,8	0	4,7	4,7	0	4,6	0	4,5	4,4
Palencia	0	14	0	0	0	0	0	0	13,4	0	0
Salamanca	6,6	0	6,6	0	0	0	0	13	0	0	6,3
Segovia	0	0	0	15	0	0	0	0	0	0	0

Soria	0	26	0	0	0	0	0	0	25,3	0	0
Valladolid	4,3	4,3	8,5	0	0	0	0	0	0	8,5	8,7
Zamora	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
CASTILLA LA MANCHA	2,3	7,9	1,1	4,6	0	2,3	6,9	1,2	1,1	0	2,6
Albacete	0	6	0	6	0	0	0	0	0	0	6,3
Ciudad Real	4,6	4,6	0	9,2	0	0	9,1	0	0	0	0
Cuenca	0	23,3	0	0	0	0	0	0	11,3	0	0
Guadalajara	0	0	9,1	0	0	0	9,6	9,6	0	0	0
Toledo	3,3	10	0	3,4	0	7	10,5	0	0	0	4,2
CATALUÑA	3,2	2,3	3,2	2,4	2,4	2,7	2,4	1,8	1,9	4	4,1
Barcelona	2	2	2,4	2,4	2,4	2,8	2,9	1,7	2,1	4,2	3,1
Girona	5,9	5,9	6	6,1	3,1	6,2	0	0	0	3,2	7,6
Lleida	10,8	5,4	0	0	0	0	0	0	5,5	0	6,1
Tarragona	5,6	0	8,5	0	2,9	0	3	6	0	6	7,1
COMUNITAT VALENCIANA	2,7	1,3	3,2	3,2	3,2	0,9	3,3	2,8	5,1	3,2	3,6
Alicante/ Alacant	2,4	2,4	4,9	2,4	6,2	1,3	2,5	3,8	8,8	6,2	1,4
Castellón/ Castelló	3,9	0	3,9	4	4	4	8,1	4	0	0	4,5
Valencia/ València	2,6	0,9	1,7	3,5	0,9	0	2,7	1,8	3,6	1,8	4,9
EXTREMADURA	0	2,1	0	0	0	0	2,1	2,1	2,1	0	2,2
Badajoz	0	0	0	0	0	0	3,4	3,4	0	0	3,6
Cáceres	0	5,8	0	0	0	0	0	0	5,6	0	0
GALICIA	2,4	0	0,8	3,2	2,4	2,4	1,6	3,2	5,6	4	3,9
A Coruña	1,9	0	1,9	0	0	3,9	0	1,9	1,9	1,9	5,8
Lugo	0	0	0	13,1	6,5	0	0	12,7	0	12,5	0
Ourense	0	0	0	6,9	0	0	6,8	0	6,7	0	0
Pontevedra	4,6	0	0	2,3	4,7	2,3	2,3	2,3	11,7	4,6	4,7
COMUNIDAD DE MADRID	2,3	2,3	2,3	1	2	1,7	2,4	1	1,4	2,4	1,9

REGIÓN DE MURCIA	1,6	3,1	0	3,2	1,6	3,3	4,9	0	1,7	0	5,7
COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA	3,5	3,5	3,5	0	0	7,2	3,6	0	0	0	4
PAÍS VASCO	2	1	2	1	0	2	2	1	3,1	3,1	0
ARABA/ÁLAVA	6,8	0	6,8	0	0	7	7,1	0	7,1	7,2	0
BIZKAIA	0	1,9	1,9	1,9	0	1,9	1,9	1,9	3,9	3,8	0
GIPUZKOA	3,1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
LA RIOJA	7,1	0	0	7,1	0	0	0	0	0	0	16
CEUTA	0	29,9	0	0	0	0	0	0	0	0	34,2
MELILLA	0	0	0	0	0	0	0	30,8	0	62,6	0
TOTAL	2,8	2,3	2,3	2,4	2,7	2,6	2,4	2,4	2,9	2,7	3,8

Fonte: Boletín estadístico del Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer. Ministerio de Igualdad. Delegación del Gobierno del Gobierno contra la Violencia de Género

Mulleres vítimas de violencia de xénero de parellas e exparellas

En 2023, houbo 199.282 denuncias por violencia de xénero e 193.521 mulleres vítimas de violencia de xénero.

En 2023, en Galicia foron 7.483 as denuncias recibidas e 7.483 as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Segundo o Informe Anual sobre Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial de **2023**, neste ano rexistráronse 199.282 denuncias por violencia de xénero, o que supuxo un incremento dun 9,46% respecto das 182.065 denuncias de 2022, e 193.521 mulleres vítimas de violencia de xénero, o que equivale a **530 mulleres vítimas de violencia de xénero cada día**.


En **Galicia** as denuncias pasaron de 6.995 en 2022 a **7.483 en 2023**, cun aumento do 7%. En relación as vítimas o aumento foi do 7,6% respecto das 6.912 vítimas de 2022.

A **taxa media** de mulleres vítimas de violencia de xénero de parellas ou exparellas en 2023 por cada 10.000 mulleres foi dun 79,4; seis puntos e medio máis alta que en 2022.

Por **Comunidades Autónomas**, por encima da media nacional situáronse Baleares, cunha cociente de 124,8; Murcia, con 114,5; Comunidade Valenciana, con 106,5; Canarias, con 102,1; Andalucía e Navarra, con 88,8; e Madrid, con 80,9.

As taxas máis baixas da media contabilizáronse en Castela e León, con 52,5 vítimas por cada 10.000 mulleres; Galicia, con 53,1; País Vasco, con 56,8; A Rioxa, con 58,9; Cataluña, con 61,5; Castela-A Mancha, con 62; Asturias, con 65,3; Aragón, con 72,8; Cantabria, con 76,7, e Extremadura, con 77.

TAXA DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO POR CADA 10.000 MULLERES



No ámbito da trata e a explotación sexual

O 98% das vítimas de trata e explotación sexual en 2023 eran mulleres, incluídas menores de idade.

Segundo os datos ofrecidos polo Ministerio do Interior, en 2023, **o 98% das vítimas de trata con fins de explotación sexual e vítimas da devandita explotación sexual que identificaron eran mulleres**, entre as que se atoparon 12 menores de idade.

Por outra banda, o Ministerio de Igualdade presentou o 17 de setembro de 2024 en rolda prensa un avance do primeiro macro-estudo que estima estatisticamente o tamaño da poboación de mulleres e nenas vítimas de trata, explotación sexual e prostitución en España, no que se conclúe que en España hai aproximadamente **114.576 mulleres en situación de prostitución**, analizando máis de 650.000 datos de páxinas web de anuncios de prostitución, ao tratarse dunha poboación oculta e de difícil acceso.

En **Galicia identificáronse 4.053 mulleres en situación de prostitución**.

Das 114.576 mulleres en situación de prostitución, segundo datos informados polo Ministerio, unhas **92.496 poderían estar en risco de trata e ademais 9.000 estarían en risco moi alto**.

Este avance do estudo tamén sinala as **Comunidades Autónomas** coa maior taxa de prostitución por cada 10.000 mulleres maiores de idade. Baleares é a comunidade á cabeza con 121 mulleres por cada 10.000, séguelle Cataluña con 103, Valencia con 73 e Cantabria tamén con 73. A media en España é de 56 mulleres en situación de prostitución por cada 10.000 mulleres maiores de idade.

En **Galicia a taxa foi de 33,23 mulleres por cada 10.000 mulleres maiores de idade**.

En números absolutos Cataluña, con 34.759 mulleres é a comunidade cun maior número de mulleres en situación de prostitución, seguida de Madrid con 20.549, Valencia con 16.314 e Andalucía con 9.026 mulleres.

Vítimas de violencia doméstica

O 61,1 % das vítimas de violencia doméstica en 2023, foron mulleres.

Tendo en conta os datos publicados polo INE, en 2023 rexistráronse 9.126 vítimas de violencia doméstica “con orde de protección ou medidas cautelares”; un 12 % máis que no ano anterior, e delas o **61,1 % eran mulleres**.

En **Galicia son 378 en 2023**, aumentando con respecto a 2022, año en el que eran 332, un 13,9% máis de vítimas de violencia doméstica “con orde de protección ou medidas cautelares, o 66,1% eran mulleres.

A efectos desta estatística enténdese por violencia doméstica todo acto de violencia física ou psicolóxica exercido tanto por un home como por unha muller, sobre familiares con excepción dos casos considerados de violencia de xénero (labores por parellas e exparellas sobre as mulleres). Inclúense tamén convivintes integrados na unidade familiar aínda que non exista parentesco.

Víctimas de delitos contra a liberdade sexual

En 2023, medraron os delitos
contra a liberdade sexual. 9 de
cada 10 vítimas eran mulleres

Os datos que a continuación se ofrecen refírense a feitos coñecidos rexistrados, publicados no Informe sobre delitos contra a liberdade sexual en España en 2023 do Ministerio do Interior.

Os delitos aos que se refire inclúen agresión e abuso sexual, agresión e abuso sexual con penetración, pornografía de menores, exhibicionismo, acoso sexual, contacto tecnoloxía menor de 16 anos, corrupción de menores/incapacitados, delitos relativos á prostitución, provocación sexual, promoción da prostitución a través das novas tecnoloxías. De todos eles o 81% son agresións sexuais.

En 2023, o total dos delitos contra a liberdade sexual experimentaron un aumento respecto do ano anterior, excepto os de provocación sexual, que descendieron en relación con 2022. **Desde 2017 rexístrase un incremento anual continuo deses delitos**, con excepción de 2020, ano da pandemia.


En canto á **distribución por sexo das vítimas móstrase unha proporción onde 9 de cada 10 son mulleres**. O 86% do total das vítimas destes delitos son do sexo feminino.

Dentro do grupo de **víctimas menores de idade**, o total da vítimas de sexo feminino cuadriplica as do masculino.

Por **Comunidades Autónomas**, as Comunidades con maior número de feitos son Cataluña, Andalucía, Comunidade de Madrid, e Comunidade Valenciana. E no ámbito provincial serían Barcelona, Madrid, Valencia, Illas Baleares, Alacante, Málaga, Sevilla e Murcia.

En **Galicia houbo 924 feitos coñecidos rexistrados en 2023**.

Feitos coñecidos rexistrados en 2023:



Fonte: Ministerio del Interior

Vítimas de Abusos, agresións sexuais e violacións

En 2023, o 90% das vítimas de violacións foron do sexo feminino, así como o 87% das vítimas de abusos e agresións sexuais.

O Informe sobre delitos contra a liberdade sexual en España de 2023 do Ministerio do Interior, recolle que en 2023, o **87% das vítimas de abusos e agresións sexuais, e o 90% das vítimas de violación foron do sexo feminino.**

Vítimas de acoso sexual

En 2023, o 91% das vítimas de acoso sexual foron do sexo feminino. 1 de cada 5 mulleres acosadas sexualmente o foron no traballo

Segundo os datos recolleitos no Informe sobre delitos contra a liberdade sexual en España en 2023 do Ministerio do Interior, o 91% das vítimas de acoso sexual son do sexo feminino.

Acoso sexual no ámbito laboral

A «Macro-enquisa de Violencia contra a Muller 2019», recollía que o 40,4% das mulleres maiores de 16 anos en España sufriu acoso sexual nalgún momento da súa vida, e un 17,3% do total de mulleres que sufriron acoso sexual e que responderon á pregunta sobre o sexo do agresor «sinalaban a alguén do traballo, o que implica que practicamente 1 de cada 5 mulleres acosadas sexualmente fórono no ámbito laboral».

Segundo a devandita Macro-enquisa, o acoso reiterado (ou stalking) revela que o 15,2% das mulleres españolas sufriron stalking nalgún momento da súa vida, «e o 4,1% sinala ao seu xefe ou supervisor como o agresor, mentres que o 7,3% indica que foi outra persoa do traballo (home)».

Para combater o acoso sexual e o acoso por razón de sexo contamos cun importante instrumento na Negociación Colectiva, como son os protocolos de acoso dirixidos especificamente a eliminar

esta forma de violencia machista, que é a máis frecuente no ámbito laboral, xunto cos plans de igualdade nas empresas.

A pesar diso, consideramos necesario adoptar máis medidas contra a violencia machista no ámbito laboral, como máis adiante expoñemos.

Vítimas de violencia Dixital de xénero

En España, en menos dunha década, multiplicáronse por 5 os delitos de contacto, mediante tecnoloxía, con menores de 16 anos con fins sexuais

As mulleres, nas súas múltiples formas de ser o obxecto da violencia machista, sofren a través das Tics continuas agresións e delitos contra a súa honra, intimidade ou liberdade, un reflexo da violencia á que están sometidas na vida real.

A violencia machista a través das Tics, aínda moi invisibilizada, prodúcese de forma rápida, viral e do mesmo xeito que o resto das formas de violencia contra as mulleres, ten graves consecuencias, non só para as vítimas senón tamén para o conxunto da sociedade e a súa prosperidade.

En 2022 o Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade, adscrito ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a través da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, publicou un informe sobre Violencia dixital de xénero.

O informe reflicte que:

- •O 54% das mulleres que sufriu acoso a través de redes sociais experimentou ataques de pánico, ansiedade ou estrés.
- O 42% das nenas e mozas que sufriu acoso en liña mostraron estrés emocional, baixa autoestima e perda de confianza.
- Más dun 25% das mulleres entre 16 e 25 anos en España recibiron insinuacións non apropiadas a través de redes.
- En menos dunha década, multiplicáronse por cinco en España os delitos de contacto mediante tecnoloxía con menores de 16 anos con fins sexuais.

O Parlamento Europeo estimou o valor económico para o conxunto da UE destas consecuencias nunha cifra que está entre os 49.000 e 89.300 millóns de euros. Este custo deriva da perda de calidade de vida das mulleres, o impacto na súa situación laboral ao non poder participar en igualdade de condicións no mundo dixital ou a atención médica que requiren. Esta estimación económica dá unha idea da magnitude do problema.

Vítimas de violencia económica de xénero

O 12% de mulleres de 16 anos ou máis que teñen ou tiveron parella terían sufrido violencia económica.

A Macro-enquisa de Violencia contra a Muller de 2019 (Ministerio de Igualdade, 2020) indicaba que o **12% de mulleres de 16 anos ou máis que teñen ou tiveron parella sufrirían violencia económica**.

A forma máis común de exercer violencia de xénero é a falta de pagamento de pensións, pero hai outras como prohibir e impedir que as mulleres traballen ou estuden fora do fogar familiar, impedirilles tomar decisións relacionadas coa economía familiar ou realizar compras de forma independente, o uso traballo de mulleres sen intercambio prestacional, e outras moitas.

O Convenio de Istambul, ou Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, inclúe na definición de violencia de xénero non só a violencia física e a psicolóxica, senón tamén a sexual e a económica. Un Convenio que España ratificou en 2014.

Dende UGT

Manifestamos a nosa máis rotunda condena e repulsa contra o machismo, os abusos e as agresións sexuais contra as mulleres, a discriminación laboral e social que padecen estas, e moi especialmente contra a violencia que se exerce contra elas en todos os ámbitos e a todos os niveis.

Loitamos contra a violencia machista de forma específica pero tamén contra as discriminacións laborais por razón de sexo, cuxa relación intrínseca e impacto na loita contra a violencia que sofren as mulleres, é esencial e imprescindible.

Eliminar a brecha de xénero nas retribucións, na protección social, na conciliación da vida familiar e laboral, no acceso e mantemento do emprego, no acceso aos postos de responsabilidade, entre outras, é fundamental para combater a violencia machista que sofren as mulleres.

A brecha de xénero no ámbito laboral agrava a situación das mulleres que sofren violencia de xénero e garantir o seu acceso ao emprego e a non discriminación por razón de sexo no mesmo é fundamental para que poidan ser independentes e autónomas economicamente pero tamén emocional e persoalmente; algo que resulta imprescindible e fundamental para que poidan saír das situacións de violencia.

Por outra banda, a violencia machista, do mesmo xeito que en resto dos ámbitos da nosa sociedade tamén se pon de manifesto na esfera laboral.

Desde UGT, no noso firme compromiso de loita contra a violencia machista que padecen as mulleres, e especialmente no ámbito laboral, que é o noso ámbito de competencia máis directa, levamos a cabo entre outras accións, as de:

- Formar e sensibilizar ao noso activo sindical fronte ás violencias machistas.
- Negociar e aplicar os protocolos de acoso sexual e acoso por razón de sexo previstos na lexislación.
- Negociar Plans de Igualdade e medidas de acción positiva na Negociación Colectiva que contribúan á erradicación das discriminacións, os estereotipos e a violencia que sofren as mulleres no ámbito laboral.
- Implantar a figura dos axentes de igualdade nas empresas e cuxa labor é esencial na vixilancia, implantación, e control da aplicación efectiva de medidas de igualdade de xénero, dirixidas, entre outras, contra a violencia machista.
- Formar e sensibilizar aos persoais nos centros de traballo.
- Colaborar permanentemente coas administracións públicas e asociacións de mulleres no obxectivo de erradicar todas as formas da violencia contra as mulleres en todos os ámbitos e esferas.
- Asesorar ás vítimas e mulleres sobreviventes.
- Loitar pola mellora e a equiparación dos dereitos laborais e de protección social de todas as vítimas de violencia machista.

A pesar diso, consideramos que é necesaria e esiximos a adopción de novas medidas para erradicar esta secuela.

Celebramos a ratificación dos Convenios 189 e 190 da OIT por parte de España, pero reivindicamos que se implementen as medidas necesarias para facer efectiva a aplicación dos mesmos.

Así mesmo consideramos necesario que o Goberno desenvolva os instrumentos adecuados para a correcta aplicación do Convenio de Istambul (Convenio sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica), así como para a transposición da Directiva de 2024 para previr e combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica.

No ámbito laboral, é indispensable mellorar as políticas activas de emprego para as mulleres vítimas de violencia de xénero, que non acaban de lograr o obxectivo que sería desexable en relación coa inserción laboral das mesmas, e que resulta de gran transcendencia na axuda para saír das situacións deste tipo de violencia.

Avanzar nos dereitos laborais e de protección social das vítimas das violencias machistas é tamén outro dos nosos obxectivos no ámbito laboral, así como tamén o é lograr que podamos contar con datos estatísticos oficiais sobre violencia machista no mundo laboral (acoso sexual e acoso por razón de sexo).

Tamén noutros ámbitos é imprescindible seguir avanzando, por exemplo na inclusión da violencia económica de xénero na nosa normativa legal, incluída a súa tipificación no noso Código penal, ou o ciberacoso, entre outras condutas, seguindo as directrices do Convenio de Istambul e da Directiva de 2024 para previr e combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica.

A adopción dun novo Pacto de Estado, no que participamos activamente coas nosas propostas, é fundamental para loitar contra a violencia machista, así como para avanzar en garantir a seguridade e a protección das mulleres vítimas desta violencia, e que na actualidade presenta importantes déficits. Mellorar e asegurar os recursos necesarios para poder combater dita violencia, así como actuar fronte á mesma en todo o territorio español, debe ser tamén un obxectivo prioritario.

UGT é un sindicato feminista que loita e vai seguir loitando con todas as súas forzas para acabar con esta secuela, e que non vai deixar nunca soas ás mulleres e a todas as traballadoras deste país.

Hai que loitar todos e todas, desde os centros de traballo, en todos os lugares onde esteamos presentes para denunciar estas situacións, para acompañar ás vítimas e denunciar aos acosadores e asasinados. Toda a sociedade debe mobilizarse e, especialmente, os sindicalistas de UGT. Hoxe esta loita é, sen dúbida, unha prioridade do noso sindicato.

Hai que acabar co terrorismo machista!

UGT di NON á violencia machista!

NIN UNHA
MENOS.
**CONTRA A
VIOLENCIA
MACHISTA**
SÓ SI É SI

UGT



UGT



**POLA ERRADICACIÓN
DA VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**